



**REGULAMENTO DE NORMAS DEONTOLÓXICAS DE  
ACTUACIÓN PROFESIONAL DO ENXEÑEIRO  
TÉCNICO AGRÍCOLA E PERITO AGRÍCOLA**

**(Aprobado polo Pleno do Consello Xeral de Colexios Oficiais de  
Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de España na súa  
71ª reunión ordinaria do 11/12/2004)**

**(Ratificado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e  
Peritos Agrícolas de Ourense na súa Xunta Xeral Ordinaria do  
02/04/2005)**

**CONSELLO XERAL  
DE COLEXIOS OFICIAIS DE  
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS  
E PERITOS AGRÍCOLAS  
DE ESPAÑA**

**COLEXIO OFICIAL DE  
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS  
E PERITOS AGRÍCOLAS  
DE OURENSE**

# ÍNDICE

<b>Preámbulo.</b> .....	3
<b>Capítulo 1º.</b> Da función social da profesión e os principios inspiradores do exercicio profesional.	4
<b>Capítulo 2º.</b> Do seu ámbito de aplicación. ....	5
<b>Capítulo 3º.</b> Das formas de exercicio profesional. ....	6
<b>Capítulo 4º.</b> Das obrigacións xerais. ....	7
<b>Capítulo 5º.</b> Das incompatibilidades. ....	10
<b>Capítulo 6º.</b> Das relacións do enxeñeiro técnico agrícola cos seus clientes. ....	12
<b>Capítulo 7º.</b> Das relacións do enxeñeiro técnico agrícola cos profesionais ou entidades públicas ou privadas para os que preste servizos por conta allea. ....	13
<b>Capítulo 8º.</b> Das relacións entre os enxeñeiros técnicos agrícolas. ....	14
<b>Capítulo 9º.</b> Das relacións dos enxeñeiros técnicos agrícolas co colexio. ....	16
<b>Capítulo 10º.</b> Das normas deontolóxicas e os órganos colexiais competentes na materia. ....	18
<b>Capítulo 11º.</b> Dos expedientes tramitados en aplicación deste regulamento. ....	19
<b>Disposicións finais.</b> .....	20

## PREÁMBULO

A elaboración e aprobación de normas deontolóxicas de actuación profesional é manifestación da potestade de ordenación do exercicio das profesións que a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, recoñece como unha das funcións esenciais dos colexios profesionais.

As normas deontolóxicas de actuación profesional constitúen unha ordenación autónoma da organización colexial, consistente nun conxunto sistemático de preceptos que establecen e definen as regras e deberes que deberán observarse no exercicio profesional. A súa importancia radica non só na súa dimensión interna de pauta ou criterio orientador para o desempeño da actividade facultativa dos colexiados, senón tamén na súa proxección exterior como instrumento garantidor dos dereitos dos particulares que requiran os servizos profesionais daqueles.

No caso da Enxeñería Técnica Agrícola, o fundamento da ordenación deontolóxica derívase da función colexial recollida no artigo 4.h dos Estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas e peritos agrícolas de España e do seu Consello Xeral, de velar pola ética e dignidade profesionais e exercer-las medidas disciplinarias relativas aos colexiados, sancionando as súas faltas coas correccións que sinalan estes estatutos. A dita función maniféstase no artigo 42 dos Estatutos xerais, segundo o cal os colexios sancionarán disciplinariamente tódalas accións e omisións dos colexiados que infrinxan as normas reguladoras da profesión, os Estatutos xerais e particulares e os regulamentos de réxime interior, as normas deontolóxicas ou calquera outras normas colexiais.

A ordenación deontolóxica configúrase, así pois, como o presuposto indispensable da actuación da potestade disciplinaria. Sobre ambas, deontoloxía e disciplina, recae unha especial esixencia de igualdade entre tódolos profesionais que exerzan en territorio do Estado, tal e como referendou a máis recente doutrina do Tribunal Supremo. De aí que se impoña a necesidade de que as normas deontolóxicas aprobadas polo Regulamento do Consello Xeral sirvan como marco referencial e harmonizador das normativas na materia que aproben os colexios territoriais ao abeiro das súas respectivas lexislacións autonómicas.

O Regulamento de normas deontolóxicas de actuación profesional, que establece as normas éticas de conduta profesional do enxeñeiro técnico agrícola (e tamén do perito agrícola, que se asimila a aquel para tódolos efectos previstos neste regulamento), está estruturado nun preámbulo, once capítulos e dúas disposicións finais.

No capítulo primeiro defínese a función social da profesión e enuméranse os principios inspiradores do exercicio profesional, fixándose o ámbito de aplicación do regulamento no capítulo segundo.

O capítulo terceiro define tódalas formas de exercicio profesional, o capítulo cuarto recolle o conxunto de obrigacións xenéricas do enxeñeiro técnico agrícola e o capítulo quinto o seu réxime de incompatibilidades, deixando para os capítulos sexto, sétimo, oitavo e noveno as prescricións relativas, respectivamente, ás relacións con clientes,

profesionais ou entidades públicas ou privadas para as cales preste os seus servizos por conta allea, outros enxeñeiros técnicos agrícolas e o colexio.

Os capítulos décimo e undécimo ocúpanse respectivamente da articulación das normas deontolóxicas colexiais e do Consello Xeral, dos órganos competentes na materia e da tramitación dos expedientes iniciados en aplicación do regulamento.

Finalmente, nas disposicións finais régúlase a entrada en vigor do regulamento, que requirirá a aprobación polo Pleno do Consello Xeral, e o procedemento para a súa revisión e modificación, que estarán sometidas a idénticos trámites que a aprobación inicial.

## **CAPÍTULO PRIMEIRO**

### **Da función social da profesión e os principios inspiradores do exercicio profesional.**

#### Artigo 1.

Correspóndelle á Enxeñería Técnica Agrícola velar polos intereses sociais xerais e constitucionalmente protexidos, en canto poidan relacionarse coas actividades e funcións profesionais que lle son propias, consonte co establecido legal e estatutariamente.

#### Artigo 2.

Os colexiados asumirán a defensa da profesión en colaboración coa organización colexial, servindo no ámbito da súa competencia como instrumento de consulta e asesoramento para a sociedade.

#### Artigo 3.

A Enxeñería Técnica Agrícola ten como valores superiores a preservación da seguridade e saúde humana, a promoción e desenvolvemento sostible do medio rural, o progreso técnico, a defensa dos dereitos humanos e o respecto ás culturas, tradicións, linguas e institucións vixentes no lugar de exercicio profesional, a conservación do medio ambiente, o benestar animal e o aforro enerxético.

#### Artigo 4.

O exercicio profesional do enxeñeiro técnico agrícola basearase nos principios de independencia de criterio, responsabilidade, profesionalidade, veracidade, dignidade, integridade, secreto profesional, libre elección por parte do cliente, libre e leal competencia, respecto á función social da profesión e contribución ao desenvolvemento da Enxeñería Técnica Agrícola mediante o intercambio de coñecementos e experiencias.

Artigo 5.

O enxeñeiro técnico agrícola relacionarase con institucións públicas e privadas que requiran dos seus servizos e manterá colaboración técnica con outras profesións legalmente recoñecidas, dentro do respecto ás normas deontolóxicas de actuación profesional e ao resto do ordenamento colexial.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### **Do seu ámbito de aplicación.**

Artigo 6.

1. O presente regulamento, que contén as normas deontolóxicas de actuación profesional, será de aplicación aos enxeñeiros técnicos agrícolas colexiados en España e aos estranxeiros cuxa titulación superior fora recoñecida para exercer a Enxeñería Técnica Agrícola en España, que desempeñen a profesión en calquera das súas formas dentro do territorio estatal.

2. Entenderase que as referencias aos enxeñeiros técnicos agrícolas contidas nas normas deontolóxicas de actuación profesional son de aplicación íntegra aos peritos agrícolas, que se consideran asimilados a aqueles para tódolos efectos previstos neste regulamento.

Artigo 7.

O presente regulamento será de aplicación directa no ámbito territorial dos colexios que non dispoñan de normas deontolóxicas propias, establecidas ó abeiro e consonte coa lexislación autonómica correspondente, e aplicarase supletoriamente no dos colexios que si conten con aquela, segundo as normas de procedemento recollidas nos vixentes Estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas e peritos agrícolas de España e do seu Consello Xeral, e en consonancia cos criterios establecidos pola Comisión Deontolóxica do Consello Xeral.

Artigo 8.

1. Tódolos enxeñeiros técnicos agrícolas colexiados están obrigados a coñecer as normas deontolóxicas de actuación profesional, sen que poida alegarse a súa ignorancia para xustificar o incumprimento dos deberes establecidos nelas.

2. A infracción das normas deontolóxicas de actuación profesional será sancionable na forma e cos trámites previstos na normativa estatutaria aplicable.

## CAPÍTULO TERCEIRO

### **Das formas de exercicio profesional.**

#### Artigo 9.

O enxeñeiro técnico agrícola poderá exercer como profesional liberal independente; ao servizo das administracións públicas, organismos ou empresas públicas en virtude de relación funcionarial, estatutaria ou laboral; como contratado ao servizo dunha ou varias empresas privadas ou doutros enxeñeiros técnicos agrícolas ou profesionais técnicos; formando parte de sociedades técnicas pluridisciplinares; e en calquera outras formas non especificamente previstas nos supostos anteriores para as cales estea habilitado por razón da titulación, ou se fora necesario estar en posesión da dita titulación para desempeña-la actividade profesional de que se trate.

#### Artigo 10.

1. Para os efectos deste regulamento, considérase como profesional liberal independente ao enxeñeiro técnico agrícola que, total ou parcialmente, exerce a súa profesión sen estar sometido a relación funcionarial, estatutaria ou laboral nin ás condicións dun contrato, xa sexa individualmente ou en colaboración cun ou varios compañeiros de profesión ou outros profesionais técnicos debidamente colexiados.

2. Os enxeñeiros técnicos agrícolas poderán acceder ao exercicio libre da profesión asociándose entre si ou con outros profesionais técnicos de forma permanente ou ocasional, salvo que os estatutos das entidades asociativas a cuxo nome exerzan conteñan disposicións contrarias ás normas deontolóxicas de actuación profesional ou ao resto das normas xerais ou colexiais que regulan a profesión.

#### Artigo 11.

Calquera que sexa a forma en que exerza a profesión, o enxeñeiro técnico agrícola levará a cabo o cumprimento da súa función con plena autonomía e independencia de criterio, tendo como norma de actuación a que lle sexa aplicable segundo a forma de exercicio profesional, ademais da normativa de carácter xeral, e asumindo a enteira responsabilidade dos actos que realice, con independencia do estatuto xurídico ao que persoalmente poida estar sometido.

#### Artigo 12.

Ningún enxeñeiro técnico agrícola poderá, no desempeño da súa actividade profesional, actuar ou aceptar emprego ou posto algún que non estea en consonancia coas atribucións, responsabilidades e condicións establecidas para o exercicio da profesión, sometendo calquera dúbida que ao respecto tivera á decisión da Xunta de Goberno do colexio ao cal estivera adscrito.

#### Artigo 13.

1. Sen prexuízo da obrigaón de comunicación previa dos encargos profesionais prevista nos Estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas e

peritos agrícolas de España e do seu Consello Xeral, todo enxeñeiro técnico agrícola deberá comunica-las colaboracións que leve a cabo con outros compañeiros ou profesionais técnicos, sexan habituais ou puramente ocasionais.

2. De non se produci-la citada comunicación, presumirase que existe colaboración entre dous ou máis enxeñeiros técnicos agrícolas cando teñan despacho conxunto, cando polos órganos colexiais así se deduza de indicios e características técnicas dos traballos que realicen ou cando tal colaboración sexa pública e notoria.

Artigo 14.

Os enxeñeiros técnicos agrícolas poderán exercer simultaneamente a profesión en calquera das formas previstas no presente capítulo, sempre e cando non se incorra en supostos de incompatibilidade legal ou deontolóxica.

## **CAPÍTULO CUARTO**

### **Das obrigacións xerais.**

Artigo 15.

1. Os enxeñeiros técnicos agrícolas deberán suxeitarse na súa actividade profesional á normativa vixente, xa sexa xeral ou específica da profesión, así como á corporativa e ás disposicións deste regulamento, e en particular á que regula o visado obrigatorio dos traballos profesionais subscritos como enxeñeiro técnico agrícola.

2. Os enxeñeiros técnicos agrícolas deberán recabar información acerca da normativa citada no apartado anterior e as regras deontolóxicas ás cales quedarán sometidos no exercicio dunha actividade específica, debendo proporciona-la dita información a Xunta de Goberno, especialmente no caso de nova incorporación.

3. En aplicación do dereito comunitario, o enxeñeiro técnico agrícola dun estado membro da Unión Europea estará obrigado a respecta-la deontoloxía dun colexio do estado membro no que o enxeñeiro técnico agrícola realice unha actividade profesional transfronteiriza.

Artigo 16.

A infracción por acción ou omisión dos preceptos deste regulamento constituirá falta de ética profesional e poderá dar lugar á iniciación de procedemento disciplinario, segundo os trámites previstos nos Estatutos xerais ou particulares e de conformidade coa tipificación de infraccións e graduación de sancións establecida neles.

Artigo 17.

En todo caso, o exercicio libre da profesión, xa sexa como profesional liberal independente ou baixo fórmulas societarias, levarase a efecto en réxime de libre competencia e sen incorrer en competencia desleal.

## Artigo 18.

1. O enxeñeiro técnico agrícola deberá gardar confidencialidade e segredo nas cuestións profesionais que coñeza como consecuencia da relación de confianza cos seus clientes, e non poderá utiliza-la información de que dispoña en prexuízo deles, salvo autorización expresa ou nos casos en que a lei ou os órganos disciplinarios do colexio lle obriguen a iso.
2. O segredo profesional regulado no apartado anterior abarca aos feitos, datos, métodos ou procesos que o enxeñeiro técnico agrícola coñeza pola relación de confianza cos seus clientes, así como a información sobre estes.
3. O segredo profesional deberá ser gardado por tódolos compoñentes do colectivo no caso de exercicio asociativo da Enxeñería Técnica Agrícola, estendéndose así mesmo ao persoal ao servizo daquel e a calquera outra persoa que colabore na actividade profesional.
4. No caso de que un encargo profesional poida supoñe-la revelación e conseguinte violación do segredo profesional, o enxeñeiro técnico agrícola non poderá aceptalo sen a autorización expresa do posible prexudicado.
5. O deber de segredo profesional permanece incluso despois de ter cesado na prestación dos servizos aos clientes, sen que estea en ningún caso limitado no tempo.

## Artigo 19.

1. O enxeñeiro técnico agrícola deberá actuar coa debida competencia profesional e dedicación axeitada ao traballo que se comprometera a realizar. Non deberá aceptar maior número de cargos nin de encargos que aqueles que poida atender adecuadamente ou que superen os medios técnicos de que dispoña.
2. Deberá comportarse con honestidade, veracidade, dignidade, integridade e dilixencia nas súas actuacións profesionais. Non poderá descoida-las obrigacións que como profesional contraera, respectando en tódolos casos, incluso o de cesamento, a normativa legal e, en particular, a estatutaria e regulamentaria.
3. Deberá asumi-la responsabilidade legal derivada das súas actuacións e a de orde profesional inherente á aceptación do traballo, debendo absterse da dita aceptación cando por calquera causa non estea en condicións de realizalo eficazmente.
4. Cando actúe en misión de experto, perito ou xurado, ou cando, nalgunha das súas distintas esferas de actuación, deba expedir calquera tipo de certificación, apoiará o seu criterio naqueles feitos probados que así o xustifiquen e procurará expolo con precisión, rigorosidade e intelixibilidade para os seus receptores, xa sexa oralmente ou por escrito.
5. Non poderá alegar como escusa, para eludi-lo exacto cumprimento das súas obrigacións, relación algunha de tipo familiar, de amizade ou profesional, nin ampararse nesas relacións para auxiliar a outro compañeiro no incumprimento dos seus deberes profesionais ou dos que derivasen de expedientes disciplinarios.



6. Estaralle prohibido a todo enxeñeiro técnico agrícola a cesión de deberes profesionais en subordinados ou noutros profesionais, sempre e cando tal transferencia comporte o exercicio de funcións para as que estes non estean legalmente capacitados.

#### Artigo 20.

1. Nas relacións con outros profesionais, o enxeñeiro técnico agrícola, no marco da súa actividade profesional, deberá de actuar con absoluta independencia de criterio respecto das cuestións que son da súa única responsabilidade, e con espírito de colaboración e participación nas atribucións compartidas ou naquelas en que se lle requira a súa opinión, sen menoscabo da súa profesionalidade.

2. O incumprimento da obrigaón establecida no apartado anterior non poderá ser xustificado pola existencia de presións de ningún tipo, independentemente da súa orixe e procedencia.

#### Artigo 21.

1. Os enxeñeiros técnicos agrícolas absteranse de dar cobertura profesional a aquelas actuacións que non veñan cubertas da correspondente habilitación legal, así como ás realizadas sen estar en posesión da titulación habilitante e outras que poidan constituír supostos de intrusismo profesional, debendo en todo caso pór en coñecemento do colexio os actos de tal natureza de que tiveran noticia.

2. Considerarase intrusista á persoa física ou xurídica que, sen reuni-las condicións legais para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico agrícola, actúe en traballos propios dela.

#### Artigo 22.

Os enxeñeiros técnicos agrícolas non poderán procurarse traballo profesional mediante comisións ou outras vantaxes análogas que puideran conceder ou obter de terceiras persoas, cando iso vaia en detrimento da súa independencia na actuación profesional ou en menoscabo de oportunidade ou intereses anteriores doutros compañeiros.

#### Artigo 23.

1. Habida conta de que toda actividade profesional, en vistas á captación de clientes potenciais, precisa da correspondente publicidade, esta materialízase como unha necesidade que non por ser elemental queda á marxe de calquera orde e control, quedando suxeita ás normas do colexio, á Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e ao resto da normativa que sobre a materia se promulgue.

2. Esta publicidade persoal, e especialmente a realizada a través dos medios de comunicación, levarase a cabo evitando calquera tipo de esaxeración e falsificación, así como o aproveitamento inxusto e as informacións desprezativas.

Artigo 24.

O enxeñeiro técnico agrícola que actúe representando á profesión nas súas propias institucións, así como en xurados, comisións, tribunais ou calquera outras instancias ou foros, deberá coidar de te-lo debido coñecemento dos asuntos que vaian a tratarse, informándose ao respecto coa antelación necesaria e coa maior amplitude posible, co fin de que a súa actuación estea sempre en consonancia coa representación que ostenta, apoiando o seu criterio en razóns suficientes que o xustifiquen.

Artigo 25.

O enxeñeiro técnico agrícola en quen concorra calquera tipo de vinculación coa administración pública, ou con empresas ou sociedades que presten un servizo público, absterase do emprego de medios, facilidades ou prerrogativas inherentes ao seu cargo ou situación, tanto en proveito propio como de terceiros.

## CAPÍTULO QUINTO

### **Das incompatibilidades.**

Artigo 26.

Os enxeñeiros técnicos agrícolas deberán respecta-la normativa legal en materia de incompatibilidades, e en consecuencia non poderán aceptar encargo ou traballo profesional para cuxo exercicio resulten incompatibles en virtude de disposición legal ou regulamentaria, ou por resolución do organismo do que dependan.

Artigo 27.

En todo caso, os enxeñeiros técnicos agrícolas absteranse de aceptar encargos ou traballos profesionais nos seguintes supostos:

- a) Cando concorran condicións obxectivas ou subxectivas que poidan pór en risco, real ou aparente, a súa independencia de criterio e recto proceder.
- b) Cando se produza ou poida producirse menoscabo do prestixio ou decoro da profesión.
- c) Cando exista posibilidade de colisión de intereses que poidan colocar ao Colexiado en situación equívoca, circunstancia que concorrerá sempre que nunha mesma actuación profesional se interveña desempeñando simultaneamente as funcións de enxeñeiro técnico agrícola e as propias doutra titulación académica.
- d) Cando se dera lugar a unha situación de competencia desleal cos demais compañeiros.

## Artigo 28.

1. O exercicio da Enxeñería Técnica Agrícola por quen estivera nalgunha das situacións previstas nos artigos 26 e 27 considerarase especialmente como falta profesional, sen prexuízo das actuacións legais procedentes.

2. As incompatibilidades que poidan existir para un determinado profesional estenderanse tamén ós seus colaboradores e ós compañeiros con el asociados.

3. Sempre que concorran no enxeñeiro técnico agrícola, e en relación cun encargo ou traballo, as circunstancias que se citan a continuación, levarase a cabo por parte da Comisión Deontolóxica do colexio a práctica dunha información previa de carácter reservado, de oficio ou a instancia de parte, de resultas da cal se resolverá sobre a instrución do oportuno expediente:

a) Cando manteña nun traballo concreto relacións de colaboración, asociación ou sociedade con outros técnicos afectos de incompatibilidade legal na área deste.

b) Cando ocupe cargos públicos en calquera das ramas da administración e actúe dentro da súa área de influencia.

c) Cando interveña como perito taxador en entidades crediticias públicas ou privadas e actúe en obras ou traballos respecto dos cales se interesaran ou concederan polas ditas entidades préstamos ou créditos para o seu financiamento.

d) Cando tendo a condición de propietario, xerente, conselleiro ou accionista de sociedades ou empresas, así como a de asalariado nelas, interveña profesionalmente en traballos que as ditas entidades executen por conta de terceiros, salvo coñecemento fidedigno destes últimos.

e) Cando execute actos rifados coa boa técnica, aínda cando fose en cumprimento de ordes de superiores xerárquicos, mandantes ou comitentes.

## Artigo 29.

Todo enxeñeiro técnico agrícola poderá exercer simultaneamente aqueles cargos que non sexan legalmente incompatibles, sempre que iso non supoña detrimento algún da dedicación necesaria para o exercicio deles, de acordo co establecido no artigo 19 deste regulamento.

## Artigo 30.

Ante calquera tipo de dúbida sobre a concorrencia dunha causa de incompatibilidade, deberase somete-lo caso concreto á Xunta de Goberno do colexio, con achega de toda clase de datos para que resolva e ditamine o procedente de acordo coas normas legais, regulamentarias e as de actuación profesional contidas neste regulamento.

## Artigo 31.

1. O desempeño de cargos directivos dentro da organización profesional deberá guiarse polas normas máis estritas de moralidade e ética.
2. Non poderá compatibilizarse aquel desempeño co mantemento de relacións laborais de emprego en servizos da Administración ou das entidades que a compoñen, se con iso se puidera menoscabar ou afectar á plena dedicación, a independencia e a rectitude ética e moral que o exercicio de cargos colexiais require.

## CAPÍTULO SEXTO

### **Das relacións do enxeñeiro técnico agrícola cos seus clientes.**

## Artigo 32.

1. O enxeñeiro técnico agrícola, antes de aceptar un encargo, fixará o alcance do traballo profesional a realizar e a natureza da prestación que deba levar a cabo, así como o cálculo aproximado ou no seu defecto o método convido para determina-la remuneración a percibir, formalizando para tal efecto e presentando ao cliente a nota-encarga ou presuposto á que se refiren os Estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas e peritos agrícolas de España e do seu Consello Xeral.
2. Unha vez aceptada a nota-encarga ou presuposto, a relación do enxeñeiro técnico agrícola co seu cliente deberá estar baseada na confianza recíproca.
3. A remuneración económica ou honorarios pola actuación profesional establecerase tomando en consideración as dificultades do encargo, a súa complexidade e especialidade técnica, no tempo e dedicación requirida, o nivel de responsabilidade esixido e os límites temporais impostos para a realización do traballo.
4. Para os efectos do establecemento da remuneración antes citada, os baremos de honorarios da Enxeñería Técnica Agrícola terán carácter simplemente orientativo.
5. Os honorarios profesionais deberán en todo caso retribuí-lo traballo realizado e compensa-los custos asumidos, de conformidade coas esixencias de calidade e os principios de competencia leal e dedicación adecuada ao traballo comprometido, sen que poida xustificarse unha actuación profesional deficiente no feito de que a remuneración a percibir fora insuficiente, nin tampouco supeditarse a percepción desa remuneración á consecución dun determinado resultado ou obxectivo alleo á intervención profesional do enxeñeiro técnico agrícola.
6. O enxeñeiro técnico agrícola absterase de aceptar encargos profesionais cuxas condicións de remuneración impliquen un menoscabo do prestixio da profesión ou incorran en competencia desleal.
7. O enxeñeiro técnico agrícola absterase de percibir remuneración económica algunha pola derivación de clientes a outros profesionais.

### Artigo 33.

En calquera actividade relacionada cos seus servizos profesionais, o enxeñeiro técnico agrícola deberá absterse de facer discriminación algunha entre clientes potenciais ou confirmados por razón de raza, sexo, credo, ideoloxía, nacionalidade ou calquera outra circunstancia de índole social ou económica.

### Artigo 34.

O enxeñeiro técnico agrícola non aproveitará, para lucro ou beneficio propio ou de terceiros, situacións de poder ou superioridade xerárquica nas que, con motivo da súa situación laboral ou desempeño da actividade profesional, puidera encontrarse fronte aos seus clientes.

### Artigo 35.

1. O enxeñeiro técnico agrícola poderá convir, ao recibi-la encarga ou durante o seu desenvolvemento, en que se lle efectúe provisión de fondos a conta de honorarios e gastos, acorde coas previsións razoables do encargo, e poderá condicionar ao seu pagamento o inicio das tarefas profesionais ou o seu desenvolvemento.

2. É recomendable render contas, coa maior brevidade, dos fondos recibidos do cliente, con expresión detallada das cantidades destinadas a honorarios e a gastos.

### Artigo 36.

O enxeñeiro técnico agrícola non aceptará ningún traballo ou encargo profesional se estima que non posúe atribucións legais para o seu desempeño, salvo que a aceptación implique a asunción da encarga en colaboración cun compañeiro ou profesional técnico, ou varios deles, que si sexan competentes.

### Artigo 37.

Todo enxeñeiro técnico agrícola está obrigado a protexe-los intereses do seu cliente, velando por eles na medida en que non se opoñan aos seus deberes profesionais determinados neste regulamento ou ao interese da colectividade.

## CAPÍTULO SÉTIMO

### **Das relacións do enxeñeiro técnico agrícola cos profesionais ou entidades públicas ou privadas para os que preste servizos por conta allea.**

### Artigo 38.

Todo enxeñeiro técnico agrícola que preste os seus servizos por conta allea nalgunha das formas previstas no artigo 9 deste regulamento, ten o dereito e a obriga de dispor, no exercicio da súa actividade profesional, da necesaria autonomía e independencia de criterio, sempre e cando as súas actuacións profesionais se fundamenten na normativa

deontolóxica e nas disposicións legais e regulamentarias vixentes, especialmente naqueles supostos nos que poida resultar menoscabada a súa dignidade profesional.

Artigo 39.

No caso de que as persoas físicas ou entidades públicas ou privadas para as que presten os seus servizos os enxeñeiros técnicos agrícolas exerzan algún tipo de acción sobre eles pola aplicación deste regulamento, os colexios prestarán o apoio legal necesario para a defensa dos intereses profesionais do colexiado afectado.

## **CAPÍTULO OITAVO**

### **Das relacións entre os enxeñeiros técnicos agrícolas.**

Artigo 40.

1. O enxeñeiro técnico agrícola ten a obriga de comportarse cos seus compañeiros con lealdade.
2. Deberá ser obxectivo na crítica ao traballo dos compañeiros e aceptar da mesma forma a que se faga do seu, actuando sempre coa debida discreción.
3. Deberá absterse de facer manifestacións que resulten persoalmente ofensivas para os seus compañeiros ou para a profesión. Non obstante, estará obrigado a pór en coñecemento do colexio calquera infracción dos deberes profesionais das que teña noticia.

Artigo 41.

O enxeñeiro técnico agrícola deberá absterse de calquera intento de suplantar a outro compañeiro e evitar toda forma irregular de obtención de traballos, tanto mediante calquera tipo de presións como actuando con competencia desleal ou prevaléndose da situación que poida ter en virtude do posto que ocupe.

Artigo 42.

Todo enxeñeiro técnico agrícola funcionario ou contratado por organismo público terá a obriga de facilitar ao colexio, ou aos seus compañeiros, os datos e informacións de carácter público e non reservado que precisen para o desenvolvemento de traballos profesionais.

Artigo 43.

1. O colexiado que denuncie indebida e inxustamente aos compañeiros, ou induza ou asesore a terceiros a que o fagan, dará lugar á práctica de dilixencias previas informativas, de resultas das cales resolverase sobre a apertura de expediente disciplinario.

2. Idéntico procedemento seguirase respecto do enxeñeiro técnico agrícola que fora obxecto de denuncias xustificadas polo mesmo concepto.

Artigo 44.

Tódolos colexiados deberán intentar solucionar os conflitos que manteñan con outros compañeiros mediante a mediación ou arbitraje.

Artigo 45.

Os enxeñeiros técnicos agrícolas absteranse de encubrir coa súa actuación ou coa súa sinatura comportamentos ilegais ou contrarios aos deberes profesionais doutros compañeiros, así como de amparar baixo a súa sinatura actuacións de enxeñeiros técnicos agrícolas nacionais ou estranxeiros que no estean debidamente lexitimados para o exercicio da súa profesión.

Artigo 46.

O enxeñeiro técnico agrícola que, con independencia da súa profesión, ocupe un posto nunha entidade pública ou privada, non poderá prevalecerse del en contra doutros compañeiros.

Artigo 47.

Deberá promoverse desde a organización colexial, e favorecerse por parte dos colexiados, a colaboración entre enxeñeiros técnicos agrícolas, co fin de favorecer o intercambio de coñecementos e experiencias profesionais.

Artigo 48.

1. O enxeñeiro técnico agrícola imposibilitado transitoriamente para exercer as súas funcións deberá delegalas provisionalmente noutro colexiado, trala aprobación previa do cliente, deixando constancia diso na documentación oficial correspondente, se a houberse, e dando inmediato coñecemento de todo iso ao colexio para os efectos oportunos.

2. Cando un enxeñeiro técnico agrícola sexa designado para proseguir a realización dun traballo iniciado por outro, ámbolos dous estarán obrigados a intercambiar a necesaria información para a prosecución deste. No caso de falecemento, o novo enxeñeiro técnico agrícola, particularmente ou a través do colexio, solicitará, de se-lo caso, dos herdeiros do colexiado falecido, tódolos informes, datos ou documentos que poidan serlle útiles para a realización do seu traballo.

Artigo 49.

1. Nas colaboracións que se produzan en intervencións profesionais compartidas, os honorarios serán proporcionais á dedicación e función asumida por cada un, e deberán especificarse na documentación contractual correspondente.

2. Non deberá practicarse cesión de honorarios entre colexiados cando non houbera unha colaboración efectiva, ou sen que exista sociedade ou participación nun mesmo despacho profesional.

Artigo 50.

Todo enxeñeiro técnico agrícola, ben persoalmente ou ben en colaboración, terá dereito a que se lle recoñezan como propios os seus traballos, sen que ningún outro poida atribuírse como seus aqueles dos que non sexa autor.

Artigo 51.

Nas peritaxes, xa sexan orais ou escritas, o enxeñeiro técnico agrícola manterá o máis absoluto respecto ao compañeiro da parte contraria ou por ela designado, ou ao autor do traballo profesional ao que se refira a peritaxe, evitando toda alusión persoal e cinguíndose aos aspectos técnicos da cuestión controvertida.

## **CAPÍTULO NOVENO**

### **Das relacións dos enxeñeiros técnicos agrícolas co colexio.**

Artigo 52.

1. Todo enxeñeiro técnico agrícola, sen prexuízo dos recursos que, de se-lo caso, poidan corresponderlle, estará obrigado a observa-las normas ou acordos xerais ou particulares que emanen do colexio, Consello Xeral ou Consello Autonómico, de se-lo caso, de conformidade co disposto nos Estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas e peritos agrícolas e do seu Consello Xeral.

2. Deberá contribuír ás necesidades económicas do colexio, de acordo coas normas que en cada momento regulen as achegas de diñeiro que os colexiados estean obrigados a efectuar. Para ese fin, e segundo a súa particular situación e a regulación estatutaria, os colexios establecerán o sistema de distribución que consideren máis xusto e equitativo.

Artigo 53.

Os enxeñeiros técnicos agrícolas teñen o dereito e o deber de participar, do modo estatutariamente establecido na vida colexial, especialmente nas asembleas xerais e nas eleccións, co fin de que os resultados delas acaden a maior representatividade posible. Prestarán, na medida do posible, a súa colaboración aos órganos de goberno do colexio, Consello Xeral ou Consello Autonómico, de se-lo caso.

Artigo 54.

1. Todo enxeñeiro técnico agrícola estará obrigado a acepta-los cargos colexiais para os que poida ser elixido, salvo nos supostos previstos nos Estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas e peritos agrícolas e do seu Consello Xeral.



2. Os Colexiados que foran elixidos para ocupar cargos directivos deberán cumprir-las obrigacións inherentes a eles con total discreción, dedicación e independencia, velando polo interese xeral da profesión.

#### Artigo 55.

1. Os Colexiados deberán gardar consideración cos órganos e cargos directivos do Colexio, así como co seu persoal administrativo e colaborador, e deberán atender coa máxima dilixencia as comunicacións e citacións emanadas dos ditos órganos ou dos seus membros no exercicio das súas funcións, obrigacións que así mesmo lles corresponden respecto das demais institucións da organización Colexial.

2. Estarán obrigados a achegar directamente, coa debida prontitude, os datos, documentos e informes que se lle pidan e dos que el teña noticia polo exercicio da súa profesión, co fin de facilita-las funcións propias dos diferentes órganos do Colexio.

3. Deberán comunicar ao Colexio as circunstancias persoais que afecten ao exercicio profesional, tales como cambio de domicilio, ausencias superiores a un mes ou supostos de enfermidade ou invalidez por igual tempo mínimo, sen prover ao coidado dos seus asuntos.

#### Artigo 56.

O enxeñeiro técnico agrícola que deba efectuar calquera traballo profesional no ámbito territorial doutro Colexio diferente ao que estea adscrito, estará obrigado a comunicar preceptivamente as ditas actuacións a través do Colexio ao que pertenza, na forma prevista nos Estatutos xerais dos Colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas e peritos agrícolas de España e do seu Consello Xeral.

#### Artigo 57.

1. O Colexiado debe denunciar ao Colexio ao que estea adscrito ou ante o cal estea habilitado os agravios que xurdan no exercicio profesional ou dos que teña coñecemento e que afecten a calquera compañeiro.

2. Todo enxeñeiro técnico agrícola deberá pór en coñecemento do Colexio os concursos, oposicións e ofertas de traballo cuxas condicións ou bases considere lesivas para a profesión.

#### Artigo 58.

1. O enxeñeiro técnico agrícola que interveña en traballo profesional para o que fora designado anteriormente outro Colexiado deberá comunicalo á Xunta de Goberno do Colexio para a súa debida constancia, para os efectos de delimitar obxectivamente as responsabilidades de cada profesional e adopción das medidas de garantía que foran precisas.

2. Para o efecto previsto no apartado anterior, os Colexiados deberán facilitar ao Colexio a información previa que fora necesaria en orde á defensa dos lexítimos intereses do

contratado en primeiro lugar, o que é sen prexuízo de que se practique o rexistro da nova nota-encarga e presuposto e o visado da documentación técnica correspondente.

## CAPÍTULO DÉCIMO

### **Das normas deontolóxicas e os órganos colexiais competentes na materia.**

Artigo 59.

Os colexios territoriais de enxeñeiros técnicos agrícolas, atendendo ás súas particularidades e por acordo das súas asembleas xerais, poderán ampliar e completar este regulamento con normas deontolóxicas propias que non se opoñan ás súas determinacións.

Artigo 60.

1. Nos colexios territoriais poderá existir unha comisión de deontoloxía constituída consonte ao disposto estatutariamente, que será o órgano encargado de velar pola deontoloxía profesional e instruí-los expedientes que por razón dela puideran incoarse, os cales se tramitarán respectando os principios da potestade sancionadora e do procedemento sancionador.

2. A tipificación das faltas e o correspondente cadro de sancións serán os establecidos nos Estatutos particulares dos colexios territoriais ou nos Estatutos xerais dos colexios oficiais de enxeñeiros técnicos agrícolas e peritos agrícolas de España e do seu Consello Xeral, segundo resulten de aplicación.

3. De non existi-la comisión deontolóxica, asumirá as súas funcións a Xunta de Goberno.

Artigo 61.

1. No Consello Xeral existirá unha comisión deontolóxica, incardinada na Comisión Permanente de Estatutos, Regulamentos e Lexislación Profesional Colexiada, que intervirá na forma que se establece no artigo 62.

2. Os consellos autonómicos disporán no seu ámbito o que proceda consonte coa súa lexislación propia, aténdose no seu defecto á aplicable ao Consello Xeral.

3. A competencia da Comisión Deontolóxica do Consello Xeral ou dos consellos autonómicos acadará aos compoñentes dos seus órganos de goberno e dos órganos de goberno dos colexios territoriais, con suxeición en todo caso ao disposto na normativa estatal ou autonómica aplicable para os efectos de distribución de competencias.

Artigo 62.

1. A Comisión Deontolóxica do Consello Xeral terá por finalidade, entre outras, a de evacua-las consultas que formulen as xuntas de goberno no concernente á interpretación

e aplicación do presente regulamento, así como a análise das condutas profesionais e supostos previstos nel.

2. Corresponderalle á Comisión Deontolóxica do Consello Xeral a formación dun arquivo xeral sobre as actuacións nesta materia, omitindo toda referencia persoal, que se incluíra no protocolo do Consello Xeral e que servirá de consulta aos colexios.

Artigo 63.

1. A composición da Comisión Deontolóxica do Consello Xeral será competencia do presidente do Consello Xeral, cuxas propostas de nomeamento ou separación de membros deberán contar co referendo do Pleno do Consello Xeral.

2. Será membro nato e presidente da Comisión Deontolóxica do Consello Xeral o da Comisión Permanente de Estatutos, Regulamentos e Lexislación Profesional Colexiada, que exercerá ese cargo en tanto teña o de membro da Comisión Executiva do Consello Xeral.

3. A primeira designación da Comisión Deontolóxica do Consello Xeral efectuarase, trala proposta previa do presidente do Consello Xeral, na reunión en pleno seguinte a aquela en que se aprobou o Regulamento de normas deontolóxicas de actuación profesional.

## CAPÍTULO UNDÉCIMO

### **Dos expedientes tramitados en aplicación deste regulamento.**

Artigo 64.

A análise das condutas profesionais e dos supostos previstos no presente regulamento corresponderalle á Comisión Deontolóxica do colexio, no suposto de que estea constituída, ou á do Consello Xeral ou Consellos Autonómicos, de se-lo caso, e a resolución dos expedientes á Xunta de Goberno ou Comisión Executiva, conforme coas normas estatutarias.

Artigo 65.

A Comisión Deontolóxica intervirá cando teña coñecemento, en virtude de denuncia ou de oficio, de actuacións profesionais que puideran infrinxir os supostos que se contemplan no presente regulamento, podendo acordar a práctica dunha información previa, de carácter reservado, de resultas da cal o órgano estatutariamente competente resolverá sobre a iniciación do oportuno expediente, salvo nos casos previstos no artigo 28.3, nos cales a realización da información previa será sempre preceptiva.

Artigo 66.

Para a composición da Comisión Deontolóxica, réxime de acordos, iniciación e substantación de expedientes, recusacións, tipificación das faltas, sancións, resolucións e ditames, haberá que aterse ao disposto nos estatutos xerais, estatutos particulares e

regulamentos de réxime interior dos colexios, e, de se-lo caso, na normativa de ámbito autonómico.

Artigo 67.

Os colexiados que foran sancionados coa expulsión do colexio poderán solicita-la súa rehabilitación unha vez transcorrido o prazo establecido na sanción.

Artigo 68.

1. Os actos e resolucións da Xunta de Goberno do colexio en materia deontolóxica serán recorribles enalzada ante o Consello Xeral ou o Consello Autonómico, de se-lo caso, cando así estea previsto nos estatutos particulares ou o dispoña a correspondente lexislación autonómica.

2. Os actos e resolucións en materia deontolóxica que esgoten a vía corporativa serán recorribles ante a xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que prevé a normativa legal e estatutaria vixente.

3. Os actos e resolucións dos órganos de goberno do Consello Xeral en materia deontolóxica serán recorribles, antes de acudir, de se-lo caso, á vía contencioso-administrativa, ante o propio Consello Xeral.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

Primeira.

O presente regulamento non terá carácter retroactivo, salvo nos supostos en que resulte de aplicación máis favorable aos colexiados, e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa aprobación en reunión plenaria do Consello Xeral.

Segunda.

1. As xuntas de goberno de cada colexio e a Comisión Deontolóxica do Consello Xeral redactarán anualmente unha memoria na que se relacionarán, con total omisión das circunstancias persoais dos colexiados expedientados, as actuacións realizadas e os expedientes tramitados durante o ano transcorrido.

2. Na dita memoria farase tamén un comentario sobre as omisións que se observaran no presente regulamento e as dúbidas e dificultades que se presentaran na aplicación dos seus preceptos.

3. Transcorrido un máximo de tres anos desde a entrada en vigor deste regulamento, o Consello Xeral constituirá unha Comisión Revisora, que estudiará e acordará as modificacións que, sobre a base da experiencia recollida nas memorias anuais colexiais, se considere conveniente introducir á súa actual redacción. Para a entrada en vigor das modificacións do texto será preciso o mesmo sistema seguido para a aprobación deste regulamento.